

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO III CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES.

En Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), no exercicio das atribucións previstas no artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, e de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


Doutra parte, don Antonio Cortés Lobato, en condición de director de Marketing, en nome e representación de "GADISA RETAIL S.L.U", con domicilio social en Betanzos (A Coruña), Polígono Piadela s/n, código postal 15300 con CIF B-15.735.590.

Todas as partes, na representación invocada, recoñécense mutuamente a capacidade legal para este acto, e para tal efecto

MANIFESTAN

I.- De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

II.-A Área de Órganos, Células e Tecidos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos. Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.



III.- Que Gadisa Retail SLU, é unha entidade comercial adicada á distribución.

IV.- Que as entidades interviñentes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico, polo que acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do acordo.

O obxecto do presente acordo é establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do III Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2020-2021.

O concurso terá como tema “a doazón e os beneficios do transplante de órganos”, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

Poderán participar no concurso de debuxo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Xúntase como Anexo ao presente acordo as bases da convocatoria do concurso indicado, que será parte integrante do mesmo para todos os efectos.


SEGUNDA.- Obrigas das partes.

1.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, asume as seguintes obrigas e compromisos:

- a) Difundir o concurso nos seus respectivos ámbitos a través dos canais institucionais propios, contando co apoio e a colaboración de Gadisa.
- b) Promover e realizar o seguimento da inscrición dos participantes no concurso.
- c) Formar parte do xurado que resolverá a concesión dos premios do concurso, designando aos membros que representen ás respectivas institucións.

2.- Gadisa obrígase e comprométese a:

- a) Difundir o concurso no seu ámbito de actuación, contando co apoio e a colaboración da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.
- b) Formar parte do xurado que determinará a adxudicación dos premios do concurso, designando aos membros que a representen.
- c) Asumir o custo íntegro do financiamento que corresponde aos premios correspondentes aos centros docentes de conformidade co establecido na cláusula terceira do presente acordo.



TERCEIRA.- Financiamento do concurso.

Gadisa Retail SLU asume o custo íntegro do financiamento dos premios correspondentes aos centros docentes cunha dotación económica global económica de TRES MIL (3.000 EUROS). Dita dotación será entregada aos centros docentes gañadores en forma de vale para a adquisición de material escolar de conformidade co establecido nas bases do concurso, anexas ao presente acordo.

CUARTA.- Modificacións.

Se durante o desenvolvemento do concurso se producisen circunstancias que implicasen modificacións substanciais do presente acordo, as partes documentarano por escrito mediante a sinatura dunha adenda ao presente acordo.

QUINTA.- Xurado.

O xurado do III Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente: conselleiro de Sanidade, ou persoa na que delegue.
- b) Vicepresidente: director de marketing de Gadisa Retail SLU, ou persoa en quen delegue.
- c) Vogais:
 - Dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade
 - A directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos ou persoa en quen delegue, e a coordinadora autonómica de transplantes de dita Axencia.

Unha persoa designada entre o persoal técnico da Coordinación Autonómica de Transplantes, que exercerá coma secretaria do xurado

En caso de empate, a persoa que ocupe a presidencia do xurado terá voto dirimente.

SEXTA.- Difusión.


As partes asinantes poderán difundir a súa colaboración no concurso, en calquera manifestación pública que se leve a cabo en relación ao obxecto do presente acordo, a través de calquera medio de comunicación escrito, radio, televisión, Internet ou calquera outro tipo destas manifestacións públicas: roldas de prensa, entrevistas, notas de prensa, conferencias, etc.

Nos materiais de difusión que puideran prepararse (carteis, folletos, memorias, vídeos, etc.) farase constar expresamente a colaboración das partes asinantes, con inclusión das marcas ou logotipos que para tal efecto se faciliten.

Sen prexuízo do anterior, calquera difusión que se leve a cabo do concurso, será acordada polas partes.

SÉTIMA.- Cláusula de confidencialidade e protección de datos.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, , de



Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais , ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois da data de finalización da vixencia do presente acordo.

OITAVA.- Comisión de seguimento.

Cada unha das partes asinantes designará un/unha representante para os efectos de constituír unha comisión de seguimento, coas seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as accións que se propoñan levar a cabo para a correcta execución do presente acordo.
- b) Vixiar, avaliar e controlar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo e das accións que se leven a cabo no seu desenvolvemento.
- c) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento deste acordo.

Dita comisión reunirase cunha periodicidade mínima bimensual e sempre que o solicite calquera das partes asinantes.

NOVENA.- Natureza xurídica do acordo.

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 6 do citado texto legal.

DÉCIMA.- Duración e vixencia.


O presente acordo terá efectos desde a data da súa sinatura e estará en vigor ata o 31 de xullo de 2021.

UNDÉCIMA.- Resolución anticipada.

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial dos termos do mesmo.
- b) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- c) O mutuo acordo das partes.
- d) A denuncia por calquera das partes, de forma expresa e por escrito, argumentando os motivos, con quince días de antelación á terminación do mesmo.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do mesmo.

En calquera destes casos, deberán finalizarse os traballos e compromisos que estean en vigor ao tempo de producirse calquera das causas de resolución antes indicadas, agás que as partes de mutuo acordo dispoñan o contrario.



DUODÉCIMA.- Xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula oitava. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo, por cuaduplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados ao comezo.



Por a Axencia Galega de Sangue,
Órganos e Tecidos

D. Julio García Comesaña

Por Gadisa Retail S.L.U.

D. Antonio Cortés Lobato



[Handwritten signature]

III CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES

OBXECTO:

Un dos obxectivos primordiais na concienciación da doazón é o deseño de intervencións educativas dirixidas a mellorar a opinión da doazón e os transplantes entre os máis novos. A formación dirixida a escolares permite dotar do coñecemento preciso na materia os cidadáns que se atopan nunha idade, dende o punto de vista intelectual e social, moi receptiva, que lles permitirá tomar conciencia desta problemática.

FINALIDADE:

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), en colaboración con Gadisa Retail S.L.U. convoca un concurso de carteis dirixido aos escolares para o curso escolar 2020/21 que teña como tema a doazón e os transplantes, co fin de acercar esta realidade á poboación escolar da nosa comunidade autónoma, de modo que o alumnado sexa capaz de valorar os beneficios para a cidadanía do fomento da doazón de órganos e tecidos.

DESTINATARIOS:

Poderá participar no concurso de carteis o alumnado de **5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO)** de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade autónoma galega.

INFORMACIÓN SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:

- 1.- En cada clase o profesorado realizará unha actividade formativa respecto a doazón e transplante que esperte no alumnado a sensibilidade cara ao tema e potencie a súa creatividade á hora de elaborar un cartel e o lema.
- 2.- A Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS facilitará información aos centros interesados en participar a través do teléfono 881542863 e do correo cat.ados@sergas.gal, así como material de apoio sobre a doazón e o transplante para realizar a actividade formativa a través da súa páxina web <https://www.sergas.es/Doazon-e-Transplantes>.



REQUISITOS:

Características dos carteis:

1.- Contido

1.1.- O contido dos carteis tratará sobre a doazón e os transplantes de órganos e tecidos, e sobre todos os aspectos relacionados con estes.

2.- Formato

O formato cumprirá os seguintes requisitos

2.1.- Poderá realizarse en calquera técnica, plástica ou dixital, que cumpra os seguintes requisitos:

Técnica plástica: os carteis realizaranse en formato horizontal ou vertical coas medidas Din A-3 (42 por 29,7 cm).

Técnica dixital: os carteis deberanse presentar en formato JPG cun peso máximo de 2 MB e dimensións correspondentes ao formato Din A-3.

3.- Os carteis deberán incluír unha frase ou lema en galego normativo relacionado co fomento da doazón.

4.- Cada alumno ou alumna poderá presentar un só cartel.

5.- Normas de entrega dos carteis:

5.1.- As obras realizadas con técnicas plásticas remitiranse en sobre cerrado ao seguinte enderezo:

“III Concurso de carteis”

Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia

Edificio Administrativo San Lázaro s/n

15703 - Santiago de Compostela

No reverso de cada cartel, deberá figurar a seguinte información: lema, nome e apelido do/a autor/a, curso, docente que titoriza o cartel, nome do centro, teléfono, correo electrónico e enderezo.

5.2.- Para o formato dixital, os traballos enviaranse ao enderezo electrónico: cat.ados@sergas.gal. No asunto constará “III Concurso de carteis-formato dixital” e no corpo do correo figurarán os datos citados anteriormente sobre a autoría dos traballos.

6.- Os carteis que non cumpran os criterios determinados nas presentes bases serán eliminados, así

como aqueles cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases. Só poderán presentarse aqueles

traballos que fosen realizados baixo a titorización do persoal docente do centro educativo.

7.- ADOS reserva para si a posibilidade de empregar os carteis e lemas seleccionados polo xurado para a elaboración de traballos ou presentacións públicas e tamén de utilizalos como lema dalgunha campaña relacionada coas funcións propias da Coordinación.

8.- ADOS, como organizadora e responsable do tratamento dos datos de carácter persoal solicitados con ocasión da participación no III Concurso de carteis, comprométese a utilizalos única e exclusivamente para xestionar o concurso, o seu desenvolvemento, avaliación dos participantes e conclusión coa entrega de premios. Os datos non serán cedidos a terceiros. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento e, se procede, oposición ao tratamento dirixíndose á Coordinación Autonómica de Transplantes de ADOS mediante correo electrónico ao seguinte enderezo: cat.ados@sergas.gal

9.- A mera presentación á convocatoria representa a aceptación e coñecemento das presentes bases por parte das persoas participantes.

PAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das obras rematará o **30 de abril de 2021**.

PREMIOS E DOTACIÓN

Establécense dúas categorías de participación:

A.- 5º e 6º de educación primaria

B.- 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO)

Para cada unha destas categorías concederáse un primeiro e un segundo premio:

O PRIMEIRO PREMIO consistirá nun vale por valor de 1000 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a e profesor/a recibirán cadansúa tableta.

O SEGUNDO PREMIO consistirá nun vale por valor de 500 euros destinado á adquisición de material escolar para o centro docente. O/a alumno/a recibirá unha cámara de fotos deportiva e o profesor/a unha tableta.

RESOLUCIÓN:

Criterios e procedemento de concesión dos premios.

1.- O xurado encargado de decidir e de resolver os premios estará integrado polos seguintes

membros:

- Presidente: conselleiro/a de Sanidade, ou persoa en quen delegue.
 - Vicepresidente: director/a de marketing de Gadisa, ou persoa en quen delegue.
 - Vogais: dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Dous representantes de ADOS: o/a director/a da Axencia ou persoa en quen delegue e o/a coordinador/a autonómica de transplantes da dita Axencia.

Persoal técnico da coordinación autonómica de transplantes exercerá como secretario/a do xurado.

2.- Para a concesión dos premios atenderase aos seguintes criterios:

- A promoción e o fomento da doazón e/ou dos transplantes nos carteis .
- A calidade, cantidade e utilidade da información que ofrece.

3.- Logo de avaliados os carteis, o xurado emitirá unha acta na que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Notificaráselles aos premiados a través da dirección do centro.

No caso de empate, o conselleiro de Sanidade terá voto dirimente.

Por proposta motivada do xurado, os premios poden quedar desertos.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación dos carteis.

